



MISA CON NENOS
30 de decembro de 2018
NadaL-Sagrada Familia-C
Lucas 2,41-52: "Xesús ía crescendo
en sabedoría,
en estatura e en graza".
Mensaxe: Xesús nace nunha FAMILIA.
AMA e COIDA a túa.



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: Fai uns días celebrabamos o Nadal, Deus que se fixo un dos nosos e veu compartir a nosa vida. Hoxe contemplamos a aquel neno formando parte dunha familia humana como as nosas, con María e Xosé que o coidan e quérenos. Recordemos, pois este domingo a Sagrada Familia de Xesús, María e Xosé. E recemos tamén polas nosas familias e por todas as familias do mundo coas súas alegrías, temores e esperanzas, que Deus as bendiga a todas e sexan "comunidades de vida e de amor".

(Na procesión de entrada podía ir algunha familia cos seus fillos ou un póster da Sagrada Familia ou un pergamiño cunha oración pola familia).

SAÚDO: Bendigamos a Deus que quere ser un máis da nosa familia. Que a súa paz, o seu amor e a súa graza sexan convosco.

2. PETICIÓNS DE PERDÓN

Pidamos perdón polas nosas faltas cara ás nosas familias, cara á familia do mundo e cara á familia da Igrexa:

-Porque na nosa familia non regalamos amor, perdón e alegría ao noso ao redor. *Señor, ten piedade de nós.*

-Porque na familia do mundo non sabemos coidar o que é de todos e non creamos concordia e paz. *Cristo, ten piedade de nós.*

-Porque non queremos o suficiente á familia da igrexa e desprestixiámola. *Señor, ten piedade de nós.*

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas fálannos de que na familia debe reinar a humildade, a dozura, a comprensión, a fortaleza, a unión e o amor. Isto non aforra os conflitos xeracionais e as dificultades para entenderse. Tampouco Xosé e María comprenden as palabras de Xesús. Pero aquela familia de Nazaré sae adiante, ata no medio de dificultades. É en período de proba onde se ve a grandeza e profundidade do amor.



4. CREDO DAS FAMILIAS:

--Creedes en Deus que é Pai da gran familia da humanidade e que nos creou familia?

--Creedes en Xesucristo, o seu fillo, o noso señor, que naceu no seo da sagrada familia de Nazaré, que morreu e resucitou, e que nos uniu como comunidade cos lazos do amor e da fe?

--Creedes no Espírito Santo, que é o vínculo de unidade das nosas familias, na gran familia dos cristiáns, que é a Igrexa, na comunión dos santos, coa familia do ceo, no perdón dos pecados, nas relacións fraternas, familiares e comunitarias, na resurrección dos mortos e na vida eterna?



5. PETICIÓNS

Unidos na oración facemos chegar ao Pai as nosas necesidades, dicindo: R. Bendí as familias, Señor.

1. Que non lle falte aos matrimonios o viño novo do amor e da dozura. **Oremos.**

2. Que as familias saiban transmitir a confianza, a fidelidade, o compartir, a renuncia. **Oremos.**

3. Que as familias atopen momentos para orar, para vivir e celebrar a fe. **Oremos.**

4. Que as familias en crises busquen o encontro, a comprensión, o diálogo, a paz e o perdón. **Oremos.**

5. Que as mulleres non sexan maltratadas nos seus fogares, nin os nenos morran antes de nacer. **Oremos.**

6. Que os mozos que non creen posible vivir un amor estable e duradeiro vexan a realidade de tantas parellas que se queren e únense para sempre. **Oremos.**

